

## PROCURO SOBRE A MIÑA ORIXE

1. Como te sentiches ou vos sentistes cando soubestes que estabas embarazada?
2. Que cousas tiveches que facer para coidarte durante o embarazo?
3. Como viviches o embarazo? Que cambios notaches no teu corpo?
4. Durante o embarazo eu facía algo dentro da barriga? Notabas algo?
5. Canto tempo durou o embarazo?
6. Canto pesei e medín ao nacer?



Tamén sería interesante que se viviches ou estás vivindo a xestación ou nacemento dun bebé na túa contorna, nos comentas como está a ser esa experiencia.

Por exemplo: que sentes, como está a ser a adaptación na casa, ves algo diferente...

## A MÚSICA TAMÉN CALMA

Aínda que é parte da materia de Música, gustárame que afondases neste tema. A Música é parte fundamental da nosa vida dende que nacemos, xa incluso durante o embarazo.

1. A que crees que se debe isto?

Na casa tamén che poden axudar, incluso unha chamadiña aos avós, tíos... e así poder investigar máis acerca dos cantos de berce. Pregunta o seguinte:

2. Poñíasme música durante o embarazo? Se o facías, notabas algo diferente no meu comportamento dentro da barriga?
3. Ao nacer cantábasme algún canto de berce (nana)?
4. Coñeces ou coñeces algún canto de berce que che cantaran na túa casa, barrio ou escola cando erades pequenos?
5. Podes cantarma? Se hai posibilidade grava a canción ou copia a súa letra. Será moi interesante logo cando volvamos ao cole facer unha posta en común e ver a variedade de cantos.

